

ALVA

Na quietude da alta noite, no silencio desas horas que xa pertencen á alvorada, acendo o rádio no meu cuarto e entreteño-me escoitando as mais remotas emisoras. Chegan voces de lugares que eu aínda descoñezo, falas ávidas de sons aspirados e oclusivos, exóticos rumores dirixidos desde o lonxe contra o obscuro ar da noite en que medito. Así, transcorren os minutos, cheos da cinza máis calada e tinxidos os ollos coa cor desta hora de sombra.

E de repente, entre un sen fin de asubios electrónicos, un lento eflúvio de instrumentos talvez parentes dos oboes, da tuba ou do fagote, vai deitando o seu cincel sobre o mármore do inónio e algo así como un allegro, feliz e xubiloso, atravesa o espazo e desce aos meus ouvidos mentres leves os raios primeiros do sol se derraman no campo e na casa.

MANUEL FORCADELA (Tomiño, 1958). Mora en Vigo.

Profesor de lingua e literatura galegas.

Poesía: Ferida acústica de río (Prémio C. Vigo 1981), O regreso das ninfas.

Novela (a saír): Para os anxos.




Foto MONCHO RAMA